

PLAN DE SECA DO CONCELLO DE SILLEDA

Plan de Emerxencias por seca



A SECA

Estamos a elaborar un plan de seca

A pesar de que en Galicia chove moito en relación co resto da península, isto non impide que se produzan con certa frecuencia períodos de **escaseza** de auga.

Secas que son cada vez máis frecuentes e intensas.

Os modelos de cambio climático indican que Galicia perderá case 10% dos seus recursos hídricos en 2029 polo cambio climático.

Os datos xa sinalan que en Galicia cada vez **chove** de maneira máis **irregular**.

Na seca diminúe a **auga dispoñible** para atender ás **demandas** previstas.

O Plan de Emerxencia por Seca é unha ferramenta de **escala local** complementa a planificación estatal e autonómica en materia de seca.

O **obxectivo** é previr e reducir os efectos adversos das secas nos sistemas de abastecemento ás poboacións.




Que contén un Plan de Seca?

- Análise do sistema de abastecemento á poboación.
- Diagnostico do ciclo da auga do territorio.
- Identificación das vulnerabilidades do territorio fronte a escaseza de auga.
- Indicadores para definir as medidas e accións necesarias.
- Identificación dos distintos escenarios de seca vinculado aos obxectivos e escenarios sinalados na planificación hidrolóxica do Plan de Seca de Augas de Galicia.

Demarcación Galicia Costa




Demandas e usos da auga na demarcación Galicia Costa



Normalidade e escenarios de seca dos plans de seca:

Cando o recurso auga é abundante é moi importantes tomar medidas de prevención e adaptación para cando chegue a seca.



O Plan de Seca:

Identifica os diferentes escenarios en relación coa seca.

Establece diferentes niveis de alerta nos que poderían derivar as situacións de seca previsibles.

Establece as pautas e mecanismos de coordinación con outras administracións implicadas na solución dos efectos da seca.

Define as medidas correctoras a partir dos medios propios ou externos dispoñibles.

Participación:

Estamos a realizar dentro dos traballos de redacción do Plan de Seca do Concello de Silleda, unha enquisa para coñecer a percepción da poboación sobre a seca no municipio.

Participa na enquisa cidadá para o Plan de Seca de Silleda.

Coa túa colaboración, conseguiremos mellorar a calidade da auga e paliar os efectos adversos das secas nos sistemas de abastecemento.

O teu parecer é importante!

Grazas por participar!



Os plans de seca buscan ademais de planificar, conseguir mellorar a:

- Concienciación
- Educación
- Sensibilización
- Aforro de auga

